

## Santiago

# Un cuarto de século galeguizando e anovando as aulas

O movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega cumpriu 25 anos

### CRÓNICA

E. Á.

SANTIAGO | En tempos de revoltas estudiantís polo proceso europeo da educación superior, estupor polo fracaso escolar, pais que non saben que fazer cos seus fillos e vocacións frustradas polo estrés e a falta de autoridade na aula, Nova Escola Galega cumpriu, pasenfiñamente, un cuarto de século. Volveron ao Museo do Pobo Galego todos, e volveron a homenaxear a algúns mestres, os que non se cansaron, os que non se funcionalizaron. Foron nesta ocasión Rosa Liñares, Valentín Arias López, María Luísa de la Torre, Xesús Alonso Montero, Cristina Álvarez Rodríguez e Xoán Babarro González.

Este movemento de renovación pedagóxica xurdido en 1983 cun acta fundacional de 36 mestres, entre eles Antón Costa, Xosé Lastra, Francisco Martín ou Xesús Vecino, medrou ata

converterse en todo un exemplo para os educadores do país. Naceu como un movemento asociativo de base coa finalidade de impulsar a renovación pedagóxica e a galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galicia. Alonso Montero, catedrático de Literatura Galega e sobre todo contador de historias, lamentouse do pouco agradecemento aos profesionais que fai que moitos e prexubilen, perdendo a valía de moitos mestres na comunidade galega.

Ao acto de presentación asistiu a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, e tamén estivo o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo. Foi unha mañá na que además de celebrar tamén se traballou, xa que unha mesa redonda debateu o papel dos movementos de renovación pedagóxica na actualidade, para presentar despois varias publicacións sobre normalización lingüística, a memoria dos 25 anos da NEG ou o documento *A nosa palabra pa-*



O vintecinco aniversario de Nova Escola Galega celebrouse no Museo do Pobo Galego | PACO RODRÍGUEZ


*ra as novas xeracións de educadores. Xosé V. Ferreirós puxo a nota musical para rematar cunha ofrenda floral no panteón de gallego e de galegas ilustres.*

A NEG aborda distintos eidos educativos e unha das súas derradeiras manifestacións, da man do seu presidente, Xosé Lastra, referiu-se ao polémico decreto do galego, que tanta controversia suscitou case sen que se chegase a poñer en marcha. Neste senso, Nova Escola Galega lembraba que pouco distaba a nova norma de que había ata entón, xa que se non hai vontade normalizadora de pouco valen as lexislacións. A festa rematou, como case todo en Galicia, cun xantar de irmandade.



### OUTRO VINTECINCO ANIVERSARIO

Houbo máis aniversarios en Santiago. Tamén recibiron unha medalla por levar un cuarto de século dando clase os profesores de Farmacia (que ademais celebraron a festividáda da súa patrona) Xerardo García Mera, Tomás González Villa, Isabel Míguez, Francisco Orallo e Modesto Salgado. | PACO RODRÍGUEZ



Avelino Pouso Antelo, en primer término, durante el acto de ayer

## Bugallo destaca el papel de Nova Escola Galega

La conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, resaltó ayer el trabajo realizado por el movimiento de renovación pedagógica Nova Escola Galega (NEG), loando la dedicación de "tantas persoas que foron capaces de poñer toda a súa vida e dispor ao servizo da educación deste país". En el vigesimoquinto aniversario, Bugallo destacó su ta-

rea no como una "utopía", sino como "unha necesidade".

*Anovando, aprendendo, galleguizando* es el lema de Nova Escola Galega, que fue reconocido ayer por la titular de Cultura. También asistieron al acto Isaac Díaz Pardo, la edil de Educación del Concello de Santiago, o el vicerrector de la USC Elías Torres ■ AGN

Correo, 14/12/08

## Entrevista | Xosé Lastra, Presidente de Nova Escola Galega

# 'Hai unha perda xeracional da lingua'

Nova Escola Galega é referente na defensa da escola pública, galega e democrática

## ENTREVISTA

**ANXOS GARCÍA FONTE.** A CORUÑA  
anxos.garcia@xornaldegalicia.com

O pasado 13 de decembro celebráronse os 25 anos da fundación de Nova Escola Galega, unha asociación de ensinantes de ámbito galego que agrupou varias pequenas asociacións pedagóxicas independentes que tiñan en común a preocupación pola renovación pedagógica, a galeguización e a democratización do ensino. Xornal de Galicia convidiou ao seu presidente, e un dos seus fundadores, Xosé Lastra, a falar da evolución da educación neste cuarto de século e dos retos que se lle presentan nos próximos anos.

**A reforma educativa impulsada desde os gobiernos de Felipe González levantou moitas expectativas. En que medida se cumpriron e en que aspectos foi un fracaso?**

Nós nunca estivemos ao 100% de acordo coas sucesivas reformas porque non recollían o modelo de escola pública que defendemos. Por exemplo, díxose que os colexios concertados serían unha solución transitoria e vemos que se afianzan como anomalía sostidos con diñeiro público. A escola pública é quien mellor pode cumplir unha educación democrática, que eduega para a democracia. No seu momento coidamos que a LOXSE podía ser un avance, pero nunca se deu aplicado en condicións, porque as persoas implicadas non o asumiron, porque non tivo os presupostos axeitados e seguramente tampouco tempo abondo para se desenvolver.

**A normalización lingüística é un dos eixos básicos do traballo de Nova Escola Galega. Como valora o debate sobre a implantación do galego no ensino? Valórho como unha especie de democracia colectiva. Todos os indicadores demostran que non hai renovación xeracional da lingua, que vai quedando circunscrita a determinados sectores sociais e mesmo territoriais e, polo tanto, a situación é verdadeiramente dramática a 50 anos vista. Unha lin-**


gua minorizada ou se apoia ou acaba desaparecendo. O decreto último da Xunta vénolo como un avance moi caticio con respecto ao anterior da Xunta do PP. En realidade, a situación apena variou: ningún dos gobiernos se preocupou en que se cumprisen as leis que eles mesmos impulsaron. A postura do PP nestes momentos só se pode interpretar como que lle temen medo a certos sectores sociais. No futuro inmediato é difícil que a situación mude, a non ser que haxa un movemento forte pola base.

**Moitos dos grandes escritores galegos de Literatura Infantil e Xuvenil están vencellados a Nova Escola Galega. Cal foi o papel desta literatura na normalización lingüística?**

Cando empezamos a principios dos oitenta había unha gran carencia de materiais educativos de todo tipo. Cadrou que moitos dos socios, ademais de persoas moi implicadas coa renovación pedagógica, escribían. Nestes 20 anos a Literatura Infantil e Xuvenil experimentou un desenvolvemento enorme. En xeral é unha literatura de gran calidade e o seu papel na normalización lingüística é importante, ainda que tampouco é a chave das noces.

**Un dos grandes problemas da educación en España é a falta de consenso básico nos grandes temas educativos entre os partidos mayoritarios.**

Sí, é unha cuestión de difícil solución. Eu estiven representando a Galicia na Confederación Estatal de Movimentos de Renovación Pedagógica e lembo que, cando accedeu Aznar á Presidencia do Goberno, houbera unha serie de encontros para tratar a estabilidades das leis educativas. Pero claro, as leis educativas non son inocuas e responden a ideoloxía de quem as impulsa. A batalla arredor da educación é un fenómeno novo: a Lei de Educación do 70, coñecida como Lei Villar Palasi, que era bastante avanzada para o seu tempo, durou case 20 anos. De todos xeitos, e visto como está o ambiente político, son moi escépticos en canto a que vaia haber acordos neste sentido.



Xosé Lastra nun momento da entrevista.

## OPINIÓN

## As necesidades e a formación

**Carmen Meiriño**  
carmen.meriño@fpme.ces.es

DUNS ANOS A ESTA PARTE estamos oindo falar da necesidade de formación continua e permanente como unha demanda crecente do mercado laboral. Vai sendo tempo de que entre todos –profesores, familias, sociedade en xeral– tomemos conciencia de que unha vez rematados os estudos obligatorios (a ESO), a necesidade de formación continua e contamos cunha oferta de formación ampla, variada e de calidade denominada Formación Profesional (FP). Nos últimos tempos, o mercado laboral presenta condicións moi cambiantes e inestables. Confiar en traballar toda a vida nun mesmo tipo de emprego é xa impensable. A flexibilidade e a adaptación aos cambios son requisitos imprescindibles.


## Necesitase unha formación continua

Parte das habilidades requiridas polo mercado laboral son potenciadas polos estudos de FP. Tanto o Ministerio de Educación como a Consellería están a desenvolver plans que pretendan impulsar e promover iniciativas emprendedoras no alumnado de FP que o poña más en contacto coa realidade do mundo empresarial e laboral. Iniciativas deste tipo merecen o aplauso e a colaboración de todos, xa que se logramos unha maior e mellor formación emprendedora da nosa mocidade contribuiremos a axudalos a enfrentar ese futuro incerto e cambiante que se lles presenta. Debemos rexeitar os prexuízos e tamén convencernos das boas calidades da formación profesional. Os coñecementos e habilidades desenvolvidos están máis próximos á realidade do mundo empresarial e laboral e alumnado sae moi ben formado tanto a nivel académico como práctico. De feito, moitos mozos e mozas optan por recorrer á FP como complemento dunha formación máis teórica que les permite atopar traballo antes e en mellores condicións que a maioría dos titulados superiores. Así pois, aplaudamos todas as iniciativas que se están a tomar para fomentar estudos. ■

**"O fracaso escolar é un fracaso tanto da escola como da sociedade"**

**Fálase moito de fracaso escolar. Que é en realidade o fracaso escolar?**

O fracaso escolar é un fracaso tanto da escola como da sociedade. A situación dos nenos cambiou moito e isto condiciona o sistema educativo, mais a escola segue sen estar preparada para asumir os novos retos, en parte porque se agarda demasiado dela. Oscamios fanse tarde, mal e arrastrado e carecemos dos medios e da preparación necesaria para dar resposta ás novas esixencias. ■



Hai loitas que non esmorecen. Un cuarto de século despois da súa creación, Nova Escola Galega non perde folgos na reivindicación dunha escola pública, galega e democrática.

# María D. Candedo

## Educar para transformar

Belén Puñal Texto Quico López Fotos

**V**an alo 25 anos mais un cuarto de século non é nada cando se mantén a illusión nos propios ideais. Nova Escola Galega naceu en 1983 alimentada na efervescencia que, a finais do franquismo e na transición, removeu os cimentos da escola á procura de liberdade, democracia e outras maneras de ensinar. A finais dos 60 e primeiros 70, a Escola de Estiu Rosa Sensat en Cataluña, os grupos de pedagogía Freinet e as propias reivindicacións dos colexios de doutores e licenciados comezaran a

entoar a subversión das aulas no estado. En 1975 créase o grupo Freinet galego (logo Movimento Cooperativo de Escola Popular); en 1977 Preescolar na Casa e Escola Aberta, en 1978, Avantar. Comezan a asentarse os piarez que, uns anos máis tarde, conformarían NEG...

**Nova Escola Galega (NEG) naceu en 1983 como plataforma que consegue unir a diversos colectivos de renovación pedagóxica (Escola Aberta, Avantar, Movimento**

Cooperativo de Escola Popular Galega, Albe Galicia, Xilbarbeira, o núcleo inicial de Preescolar na Casa...) mais cunha ausencia importante: a ASPG. Por que xorde nese momento a necesidade de aunar forzas?

Xa nos anos previos houbera moitos contactos e coincidencias. Era unha etapa de moita ilusión e efervescencia pedagóxica, á espera desa transición política importante. Decidimos aproveitar a

vantaxe de traballar en colectivo para fins que se estaban tratando de maneira sectorial. Ademais, tiñamos referentes en Cataluña e outros lugares do Estado e cumpría establecer un movemento forte en Galicia para ter relacións con outros movementos fortes tamén no contexto estatal. Buscábbase, en definitiva, a defensa da escola pública, a galeguización do ensino e o traballo renovador.

**Como influíu ese carácter diverso na conformación de Nova Escola Galega no propio carácter da asociación?**

En Nova Escola Galega uníronse movementos plurais, distintos, con bases de asociados e asociadas diferentes no que é a súa consideración ideolóxica ou sindical, sempre dentro da esquerda pero non únicamente cunha única orientación. Nunca quixemos ser correa de transmisión de ningún sindicato ou partido político ou dunha única liña de traballo.

**Hoxe en día, cal é para ti o papel que ocupa Nova Escola Galega dentro da rede de asociacións de movementos de renovación pedagóxica de Galicia?**

Nós traballamos sempre con outras organizacións (pedagóxicas, sindicais e doutros ámbitos) e en moitos momentos da nosa historia tivemos un papel de mediación, xustamente por esa pluralidade interna que caracterizaba a Nova Escola Galega sobre outras opcións. Mais ocorre que nos últimos tempos as plataformas praticamente non teñen vida e en todo caso actívanse por cuestións de tipo puntual, como sucedeu arredor do tema do decreto do galego no ensino. A que ten probablemente máis vida activa é a Mesa Galega de Educación no Rural, que tamén está composta por sindicatos, por asociacións de carácter pedagóxico e educativas.

**Os piares de Nova Escola Galega son a defensa dunha escola pública, galega e democrática. En que medida esos obxectivos foron acadados?**

Hai reivindicacións que ainda non se conseguiron, como a demanda de que a escola fose completamente pública, sen escoutrar sistema paralelo da escola concertada. Temos, ademais, algúns



desafíos importantes, como todo o que

**“Onde hai oferta da concertada e a privada, a escola pública é a que queda de reduto para a escolarización de poboación con problemas de integración. A escola pública non pode valer de ghetto”**

ten que ver coa escola inclusiva, pois áinda que o acceso ao ensino público é universal, é preciso que as persoas se mantengan no sistema con oportunidades similares. Hai que seguir traballando, por exemplo, para que a escola pública non se converta nunha especie de apartheid. Ás

vezes, onde hai oferta da concertada e da privada, a escola pública é a que queda de reduto para a escolarización de poboación con problemas de integración (inmigrante, xitana...). A escola pública non pode valer de ghetto.

**Como valorarías o nivel de democracia e participación nos centros escolares hoxe en día despois da reforma que implica a LOE?**

Sabemos que as direccións as ten que propor a administración porque non hai candidaturas, e iso parécenos un déficit. Habería que traballar arredor da construcción real da comunidade educativa dentro dos centros escolares. Quizais falta ese traballo ilusio-

## Ensinar a quen ensina

Maria Dolores Candedo entrou en contacto con Nova Escola Galega cando ainda non se licenciara. Foi no propio acto de fundación da NEG, ao que acudiu animada por un profesor seu, Antón Costa Rico, que non escatimara forzas, dende o Movemento Cooperativo de Escola Popular, até conseguir unha plataforma para os grupos de renovación pedagóxica. Profesora de Pedagogía na Universidade da Coruña, María Dolores Candedo foi asociada, presidenta de NEG e agora vicepresidenta. Para ela, NEG é aire para falar en liberdade, un espazo emocional e compartido.

nante que faga das comunidades educativas un referente democrático e mesmo moral para o desenvolvimento de moitos proxectos. Os centros teñen que impulsar proxectos vinculados ao seu territorio e dar maior entrada á participación das familias. Iso significa que temos que arbitrar situacíons de real participación, tanto do alumnado como das familias.

**Que deficiencias do sistema relacionadas coa dotación de recursos poden estar impedindo unha implementación óptima dun ensino comprensivo orientado á diversidade en Galicia?**

Quizais algúns problemas derivados da aplicación da LOXSE estiveron en que non se explicou suficientemente e non se tomaron medidas decididas para que se desenvolvese unha confianza do profesorado nesa función inclusiva que debe asumir. Ao profesorado ás veces fáltanlle os instrumentos para no día a día adoptar medidas en sintonía coa escola inclusiva. No ensino secundario, por exemplo, a formación do profesorado neste eido é moi escasa. Mais o problema non é exclusivamente escolar. Hai moitos cambios que están gravitando, por exemplo, sobre as familias ou a sociedade. Espérase demasiado da escola e non se lle proporcionan os medios para enfrentarse a situacíons complexas, por exemplo, a chegada de persoas con características que suponen un desafío.

**Levades xa un cuarto de século ás costas. É difícil o relevo xeracional?**

Non falaría do relevo xeracional como un problema, mais efectivamente costa que as novas xeracións se acheguen a plataformas asociativas, e a nosa non é

unha excepción. De todos modos, si hai persoas que se van incorporando e que ademais supoñen un revulsivo e a chegada de novas liñas de acción.

**Podemos falar dun momento de impasse na situación dos movementos de renovación pedagólica no estado?**

Dalgunha maneira si, tamén pola situación socio-política. Cando gobernan formacións políticas más próximas ao espectro de ideas no que nós traballamos, redúcese a contestación. E ás veces logo nos arrepentimos de non ter dito algunas cousas confiando en que a Administración fose facer algo ao respecto.

**En que situacíons iso ten acontecido?**

Fomos unha das organizacións más críticas inicialmente co decreto do ensino en galego. Mais logo, a postura tan desleal do PPdeG, fixo que nos puxeramos, xunto co resto das organizacións, a defendelo. Pero tamén é verdade, que con posterioridade, volveños reclamar que a Consellería de

**“Fai falta un traballo decidido para explicar o decreto do ensino en galego e as súas vantaxes, e unha resposta clara e con datos concretos ás mensaxes que poñen ao castelán en perigo no ensino”**

Educación adoptase as medidas necesarias para desenvolverlo de modo que non se convertese noutro brinde o sol.

**Como está a situación de implementación do decreto neste curso?**

Hai asociacións en contra do decreto que están a conseguir unha gran

amplificación da súa mensaxe, o que é incríbel. Fai falta un traballo decidido da Administración de explicación do decreto e das súas vantaxes, e unha resposta, con claridade e con datos concretos, ás mensaxes que poñen ao castelán en perigo no ensino. A Administración debe facer un labor nese senso co profesorado e tamén coas familias. Darlle terreo a mensaxes deste tipo, non contrastadas con indicadores ou estudos que poidamos entender rigorosos, é lamentábel.

**Agora que estamos rematando coa lexislatura, como valorarías o que fai a actuación da liña política da consellería de Educación nestes últimos catro anos?**

Falta por aprobar no Consello da Xunta, e malia ter pasado todos os trámites previos, o currículo de educación infantil, o que supón un incumprimento dos prazos establecidos para o desenvolvemento da LOE. Neste eido están implicadas as dúas pólas da administración, Vicepresidencia polo que se refire á etapa de 0 a 3 anos, e a Consellería de Educación, pola que vai de 3 a 6. Queda tamén pendente o regulamento orgánico de centros, o que non é un tema menor, pois nel abórdase o funcionamento organizativo e pedagóxico dos centros, a caracterización das actividades complementarias, as responsabilidades dos diferentes órganos de dirección, a coordinación de tarefas internas,... Supoñemos que xa non sairá nesta lexislatura.

**E na parte dos pros, que destacañas?**

A posta en marcha dunha serie de medidas favorables á escola pública, como as referidas aos comedores



escolares, o acompañamento no transporte escolar ou a apertura dos centros en horas non lectivas. Porén, seguironse subvencionando concertos mesmo con centros que non cumplen a lei no que respecta á coeducación. Conseguíuse tamén un aumento importante do persoal docente mediante convocatorias de oposición, mais entendemos que o acceso á función pública debía facerse mediante unhas oposiciones más libres, pois as novas persoas tituladas sen experiencia apenas tiveron opcións para poder acadar unha praza.

#### Hai máis patacas quentes neste curso?

Hai cuestións que para nós deberan ser inaprazables, como o ensino no rural. Nas propostas da Mesa Galega de Educación no Rural e das xornadas que ao respecto se fan dende a NEG, está que dunha vez por todas, en clave de país, se definiña un proxecto de desenvolvemento do medio rural, no que a educación cumpra un determinado papel. Tamén nos gustaría que a nova administración que saíra das urnas tivera outra actitude de recoñecemento e traballo coas organizacións e coas comunidades escolares.

**Diversas autoridades estiveron presentes no acto de celebración do voso 25 aniversario, mais non a conselleira de Educación. Cal foi o grao de interlocución de Nova Escola Galega coa Consellería de Educación nesta lexislatura?**

Houbo unha falta de interlocución da Consellería de Educación connosco e tamén coas propias comunidades educativas. Os cambios derivados da

LOE, por exemplo, foron moi precipitados, por suposto consultados nos órganos correspondentes pero moi pouco ou nada coas organizacións sociais ou coa comunidade educativa moi pouco ou nada.

**Destaca, no eido estatal, a viveza que, de sempre, teñen os movementos de renovacións pedagóxicas cataláns. Na túa opinión, onde radica esa forza?**

Contan con referentes como os primeiros movementos de renovación pedagóxica vinculados a Rosa Sensat e dispoñen, ademais, dunha relación más fluída coa administración. Eu creo que en Cataluña hai un concepto máis regulado do que é a interlocu-

ción e coido que non sería pensábel que moitas das leis non se negociaran ou se presentaran ante organizacións sociais. Aquí máis aló do que se poida facer no Consello Escolar, non hai outro tipo de formulación.

**Cales son os retos de futura de Nova Escola Galega?**

Serían os que inspiraron o noso nacemento. Avanzar na apostila pola defensa da escola pública, inclusiva e democrática, conectada coas necesidades da sociedade. Tamén lograr a plena normalización lingüística e cultural da escola, e seducir a novos ensinantes. E que a reflexión pedagóxica se faga en clave de país e polo conxunto da sociedade.